

A [ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia](#) incorpora modificacións sobre o establecido polo Calendario escolar vixente para o final do curso, entre as que resumimos as seguintes:

1. Datos das avaliacións:

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	
Semana do 6 de xuño	3ª avaliación
23 de xuño	Avaliación final ordinaria

BACHARELATO	
1º BACH	Semana 6 de xuño: avaliación ordinaria
	A partir do 23 de xuño: avaliación extraordinaria (exames 20-21-22 xuño)
2º BACH	13 de maio: avaliación ordinaria
	A partir do 23 de xuño: avaliación extraordinaria (exames 20-21-22 xuño)

FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA	
1º FPB	Semana 6 de xuño: avaliación final ordinaria
	A partir do 23 de xuño: avaliación extraordinaria (exames 20-21-22)
2º FPB	A partir do 23 de xuño: avaliación final ordinaria

- O último día de clase para todos os niveis é o **22 de xuño de 2022**.
- No período comprendido entre a semana do 6 de xuño e o último día das clases, o alumnado realizará **actividades de ampliación, reforzo, tutoría e/ou recuperación, segundo os casos**.
- As decisións sobre **promoción e/ou titulación** do alumnado tomaranse nas sesión de avaliación final, o día 23 de xuño. (Salvo 2º BACH)
- Atendendo ao estipulado na nova Orde de avaliación, os departamentos didácticos realizaron modificacións sobre as súas programacións. Ditos [Anexos](#) están publicados na páxina web do instituto, dentro do apartado *Departamentos e programacións*.

En Cambre, a 7 de abril de 2022

O equipo directivo.